

## Con bar queira e remador, Obradoiro Internacional de Tradución Poética

O martes 30 de outubro no Pazo de Mugartegui (Praza da Pedreira, Pontevedra) ás 19:30, como foro aberto dirixido a todos os escritores/as, docentes de literatura, editores/as, tradutores/as e persoas interesadas na escrita poética do noso e doutros territorios, preséntase unha mesa redonda con título “Cercando as ondas. Que significa ser poeta en ... (Finlandia, Cataluña, Croacia, Islandia, Eslovenia, Letonia e Galiza)”

Por GC Tendencias || 29/10/2012

Esta actividade, na que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) colabora, enmárcase no amplo programa do Obradoiro Internacional de Tradución Poética “Con barqueira e remador”.

Contarase coa presenza de sete poetas de recoñecido prestixio en lingua finesa, croata, rusa, catalá, islandesa, eslovena e galega -cuxas biografías se poden consultar a continuación-, e así achegarnos á realidade poética e autorial desoutros sistemas literarios, e tamén para que estes autores e autoras convidadas teñan a ocasión de coñeceren máis de perto o tecido cultural do noso país e tomar contacto cos nosos públicos.

Máis info en: <http://www.aelg.org/GetActivityById.do?id=271>

## Biografías

Margrét Lóa Jón sdóttir naceu o 29 de marzo de 1967 en Reiquiavik, onde reside. Estudou Filoxía Islandesa e Filosofía na Universidade de Islandia, e tamén Filosofía na Universidade de Donosti (España). Na actualidade remata un máster en Historia da Arte. Mentres, escribe poesía; o seu primeiro poemario Glerúlfar (Lobos de cristal) viu a luz en 1985. Moitos dos seus libros teñen sido editados e mesmo deseñados e ilustrados por ela. Foi docente de escritura creativa en obradoiros para nenos/as, e editora dunha revista literaria durante dous anos. Margrét Lóa ten feito tamén programas de radio, e entre os seus temas de interese atópanse o feminismo e a igualdade de xénero. En 2003 lanzou o CD Hljómorð, con pemas seus acompañados da música de Gíaldin, un traballo que puideron levar á Feira do Libro de Göteborg no outono de 2001.

Margrét Lóa levou adiante –nos anos 2008 e 2009- a súa propia galería de arte que hoxe se atopa na rede. En 2008 participou no Festival Internacional de Poesía de Granada (Nicaragua) e en 2011 desenvolveu unha exposición de debuxos e mais un happening titulado Ástarsetningar / Love sentences (Frasas de amor) canda o compositor Páll Szabó, nunha fábrica abandonada de Hjalteyri, Islandia.

Txema Martínez naceu en Lleida en 1972. É licenciado en Filoxía Hispánica. Traballou como coordinador da edición catalá do diario Segre e como director e editor do seu propio selo, Alfazeta Edicións. Comisariou as seis edicións do Festival Internacional de Poesía de Lleida, Mahalta, entre 2005 e 2011.

Ten publicados sete poemarios, entre os que destacan os tres últimos: La nit sense alba [A noite sen alba], 2000; Sentit [Sentido], 2003; e L'arrel i la pluja [A raíz e a choiva]). Recibiu diversos premios, como o Màrius Torres, o Cidade de Palma-Joan Alcover ou o Carles Riba, o máis importante das letras catalás en poesía.

Tamén é tradutor, columnista e crítico literario. Publicou unha versión catalá dos Sonetos de Shakespeare (premio Jordi Domènech de tradución de poesía, 2010) e prepara outra da poesía completa de Poe. Algúns dos seus artigos foron recollidos en Les cendres [As cinzas] en 2005. Para novembro de 2012 ten prevista a publicación do seu último libro de poemas, Dol [Dó], e, en 2013, unha selección da súa poesía verá a luz en castelán en tradución de Antonio Cabrera.

Brane Mozetič (Ljubljana, 1958) é poeta, escritor, tradutor, editor, activista, e director do Centro para a promoción exterior da literatura eslovena, entre outras moitas facetas. Ata o de agora ten publicados trece poemarios, dúas novelas e un libro de relatos. Entre os títulos de poesía cabe salientar Brancaneves é sete ananiños, 1976; Soidades, 1987; O azul do contacto, 1986; Conxuros, 1987; Rede, 1989; Obsesión, 1991; Poemas polos soños mortos, 1995; Bolboretas, 2001; Banalidades, 2003; Máis banalidades, 2005 e Aínda máis, 2007. No estranxeiro son ata vinte e oito as traducións de obras súas que viron a luz, sobre todo en italiano, inglés e alemán. Pola súa banda, el mesmo ten traducido máis de vinte libros -maiormente do francés- incluíndo traballos de Rimbaud, Genet e Foucault. Así mesmo é o director editorial das coleccións “Aleph” e “Lambda” da editorial eslovena ŠKUC e ten editado varias antoloxías e publicacións para a promoción da literatura eslovena fóra. É o responsable de programación do Festival de Literatura Viva que se celebra anualmente en Ljubljana, e comisariou o Festival de Cine Gay-Lésbico da mesma cidade durante máis de vinte anos. Tamén é autor de tres provocadoras performances ou instalacións.

Marko Pogačar naceu en 1984 na antiga cidade iugoslava de Split, actual Croacia. Licenciouse en Literatura Comparada e Historia pola Universidade de Zagreb e actualmente prepara o seu doutoramento. Poeta, ensaísta, narrador e crítico literario, é tamén editor da revista literaria Quorum, e do bisemanario Zarez sobre asuntos sociais e culturais, ademais de batería da banda de post punk “Death Disco”. Foi galardoado con premios, bolsas e residencias como as de Civitella Ranieri, Passa Porta, Kulturzentrum bei den Minoriten, Milo Dor e Brandenburger Tor entre outras e, ademais de participar en festivais e encontros literarios por todo o mundo, textos da súa autoría teñen aparecido publicados en máis de vinte linguas. Autor do libro de relatos Bog neće pomoći (Deus non axudará), 2012, e de dúas obras ensaísticas publicadas en 2011, o seu debut literario produciuse en 2006 con Pijavice nad Santa Cruzom (Tornados sobre Santa Cruz) que axiña foi aclamado pola crítica e galardoado coma o mellor poemario publicado por un autor menor de 35 anos. Seguíronlle Poslanice običnim ljudima (Cartas á xente común) en 2007 e Predmeti (Obxectos) en 2009, ademais das antoloxías persoais traducidas da súa obra que se publicaron en Viena (2010), en Belgrado (2010), en Barcelona (2010) e en Skopje (2012), e que veñen facendo del unha das figuras máis representativas e puxantes da nova literatura croata.

Sergej Timofejev, nado en Riga en 1970, é un dos membros de Orbits, un colectivo artístico letón formado por creadores e poetas en lingua rusa. É tamén un xornalista, tradutor e DJ con base en Riga. Dende os primeiros anos 90, ten publicado colaboracións nos xornais

Rodnik, Mitin zhurnal, Vavilon e Znamia, entre outros. Pioneiro da videopoesía en ruso, de 1995 é o seu primeiro videopoema, “Repeticiija orkestra” (“Ensaio da Orquestra”) que pode verse en YouTube (<http://youtu.be/l86iaXPq-Eo>). Timofejev é autor de seis libros de poesía, tres publicados en Letonia e outros tres en Rusia. Foi nominado para o premio Andrei Belyi en 2002, gañou o da Unión de Escritores Letóns en 2005 e o Russkaja Premija en 2010. Poemas seus foron traducidos a máis de 10 linguas, e ten participado tanto en antoloxías coma en festivais poéticos internacionais. En 2011 encabezou o Comité Nacional pola Cultura do Ministerio de Cultura de Letonia. “Un dos poetas máis audaces e innovadores do Báltico, o letón Sergej Timofejev fai parte fundamental da radical reconfiguración do panorama e máis da cultura poética da súa nación no último par de décadas. Dono dun estilo urbano, sólido e de aparencia natural, a forza da súa poesía permitiulle poñer en práctica múltiples innovacións nunha rexión tan asociada ao formalismo. Experimentos que mesturan poesía con música, instalación, performance, vídeo e mesmo videoxogos andan a ver medrar a súa sona en Letonia, a pesar de que segue a ser un poeta que escribe en ruso.” (SJ Fowler, Revista 3:AM).

Merja Virolainen naceu en Lapua (Finlandia) en 1962, e reside en Helsinqui. Diplomada en Deseño de Moda e licenciada en Filosofía e Letras pola Universidade de Helsinqui, Virolainen ten publicados ata hoxe cinco poemarios, Hellyyttäsi taitat gardenian (Por mor da túa tenrura rompes unha gardenia, 1990), Tervapeili (Espello de alcatrán, 1995), Pilvet peittävät sisäänsä pilvet (Nubes abrazan nubes, 2000), Olen tyttö, ihanaa! (Son unha moza, que marabilla!, 2003) e Valloittaja (Conquistador, 2012). É autora tamén dunha obra teatral titulada Täyttymyskomedia (Comedia de cumprimento, 1993) así como de Kontaktia halutaan (WLTM [Gustárame que quedásemos], 2007), unha colección de textos en prosa que inclúe relatos poéticos tanto coma poemas en prosa.

É unha das máis importantes poetas da súa xeración en Finlandia, e a súa escrita ten influído nas novas fornadas notablemente. Virolainen ten viaxado ao estranxeiro para ler os seus poemas ata en quince países, e poemas seus foron traducidos a doce distintas linguas, incluíndo unha antoloxía da súa obra aparecida en Italia. Tamén ela ten traballado arreo como tradutora de poesía, dende o inglés, alemán e sueco. Colaborou en todo tipo de medios escritos con recensións e artigos sobre literatura, coordinou antoloxías e volumes colectivos. Especializada en poesía, crítica e feminismo, de igual xeito desempeña labores de editora, xornalista, ensaísta e crítica, así como de docente de escritura creativa. Na actualidade é directora e profesora da escola de escrita Academia Crítica, a mellor do seu xénero en Finlandia.

Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977). Licenciada en Filoloxía e diplomada pola Escola de Imaxe e Son da Coruña, ademais de poeta é videocreadora, e unha activa dinamizadora cultural. Dende 2009 dirixe para o Concello da Coruña POETAS DI(N)VERSOS, un ciclo de recitais mensuais con poetas galegos/as e internacionais, e o Festival de Poesía PONTEPOÉTICA en Pontevedra. Ademais doutras colaboracións no medio audiovisual (Premio Mestre Mateo Mellor Comunicador/a de TV 2005), durante 5 anos e medio copresentou un concurso cultural diario na TVG, e durante o mesmo tempo publicou ata 3 columnas semanais na prensa galega. Docente habitual en obradoiros literarios, foi tamén responsable de mostras poéticas colectivas, un libro de traducións poéticas e a edición da obra do poeta galego Farruco Sesto. Foi cofundadora da editorial “Letras de Cal” e Secretaria Xeral da AELG. Ten ofrecido mostras do seu traballo en multitude de festivais internacionais de poesía e encontros literarios no estranxeiro, especialmente por Europa, América, China, Xapón e Tunisia. Premio da Crítica Española 1999, Premio Espiral Maior 2007 e Premio Ojo Crítico 2009 (ao mellor poemario publicado en España por un autor/a mozo/a), Yolanda conta con 5 poemarios individuais (entre os que salientan Vivimos no ciclo das Erofánias, O libro da Egoísta e Profundidade de Campo), edicións bilingües (galego-castelán) editadas por Visor, compilacións e antoloxías persoais, e tres libros de poesía infantil. Interesada na fusión da poesía con outras linguaxes creativas, desenvolve experiencias que a vencellan á plástica, a música, a arquitectura, a performance, a danza, o audiovisual (Premio Curtocircuíto Videocreación 2004) ou mesmo a cociña (Gourmand Cookbook Awards 2011), xa sexa en solitario, en colaboración con outros artistas ou xunta o grupo interdisciplinar Tender a man. Recibiu dúas bolsas internacionais de creación en residencia en institucións de Rodas (Grecia) e Múnic. A súa obra apareceu representada en multitude de revistas nacionais e estranxeiras, libros colectivos e antoloxías tanto galegas como estatais, téndose traducido en parte a máis de quince linguas.